

PROGRAMACIÓN E PLAN DE INTERVENCIÓN DO PROFESOR DE
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

INDICE

| | |
|---|--------|
| 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN NO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO CENTRO, NO PXA E NO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN..... | páx 2 |
| 2. ALUMNADO ESCOLARIZADO POR NIVEIS, APOIOS E NECESIDADES QUE PRESENTA CADA UN..... | páx 5 |
| 3. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PROGRAMA XERAL DE INTERVENCIÓN..... | páx 7 |
| 4. COMPETENCIAS CLAVE: CONTRIBUCIÓN Á SÚA CONSECUCIÓN DENDE O PROGRAMA..... | páx 8 |
| 5. ORGANIZACIÓN XERAL DA ATENCIÓN E APOIOS PT PARA O ACTUAL CURSO 2018/19 E PRIORIDADES..... | páx 9 |
| 6. CONCRECIÓN DE APOIOS DENTRO DE AULA ORDINARIA E FÓRA DE AULA COS CRITERIOS NA TOMA DE DECISIÓNS..... | páx 10 |
| 7. METODOLOXÍA XERAL E DIFERENCIADA..... | páx 12 |
| 8. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS | páx 12 |
| 9. COORDINACIÓN/COMUNICACIÓN COAS TITORÍAS, D.O. E FAMILIAS..... | páx 14 |
| 10. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN QUE SE LEVARÁN A CABO EN CADA AULA (características, necesidades específicas, apoios e organización dos apoios en cada aula)..... | páx 15 |
| 11. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN INDIVIDUALIZADA PARA CADA ALUMNO E ALUMNA (características, necesidades específicas e aspectos que se van traballar con cada alumno)..... | páx 16 |
| 12. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN..... | páx 28 |
| 13. MODELO E INDICADORES PARA O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE..... | páx 29 |

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN NO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO CENTRO, NO PXA E NO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

1.1. A presente programación toma como referencia os seguintes textos legais e documentos de aplicación:

-DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obligatoria.

- ORDEN de 6 de outubro de 1995 por la que se regulan las adaptaciones del currículum en las enseñanzas de régimen general.

-Plan de Atención á diversidade do IES Virxe do Mar

-Programacións de aula prioritariamente das materias instrumentais: Lingua castelá, Lingua galega e Matemáticas

-Programación do Departamento de Orientación

1.2.- Contextualización no plan de atención á diversidade do centro

A toma de decisións en relación ás necesidades educativas identificadas serán: o contexto e medidas recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, as programacións de aula e a programación do Departamento de Orientación na que se establecen os criterios de intervención, organización de grupos de intervención do profesor de PT, plans de actuación cos obxectivos prioritarios, contidos, actividades, metodoloxía, recursos de avaliación para dar resposta educativa personalizada a cada alumno ou alumna con necesidades específicas de apoio educativo.

1.3.-Funcións do profesor de Pedagogía Terapéutica

As funcións do profesor de Pedagogía Terapéutica serán:

1. Colaborar co profesorado de materias instrumentais na selección de obxectivos prioritarios para o alumnado con necesidade educativas especiais, adaptación de contidos, estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación.
2. Colaborar na recollida de información para a avaliación dos alumnos con N.E.A.E. e alumnado con dificultades manifestadas de aprendizaxe nas áreas instrumentais.
3. Colaborar na elaboración e temporalización das A.C.S. previa valoración dos Niveis de Competencia Curricular.
4. Colaborar na planificación dos horarios dos alumnos que asisten á aula de apoio facendo compatibles as súas adaptacións co currículo xeral.
5. Asesorar e apoiar didacticamente ao profesorado na súa acción docente co alumnado con N.E.A.E. e alumnado que presenta dificultades manifestadas de aprendizaxe nalgúns das áreas instrumentais.
6. Realizar intervencións directas co alumnado e realizar un seguimento do mesmo en coordinación co profesorado.

7. Observar o progreso dos alumnos e participar na avaliación dos mesmos.
8. Apoio directo ao alumnado con necesidades educativas específicas.

2. ALUMNADO ESCOLARIZADO POR NIVEIS, APOIOS E NECESIDADES QUE PRESENTA CADA UN.

ANÁLISE DAS NECESIDADES DO ALUMNADO:

ALUMNOS CON NNEE

- QUE PRESENTAN DIFICULTADES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A TRASTORNOS ESPECÍFICOS E UN DESFASE CURRICULAR DE DOUS OU MÁIS CURSOS CON RESPECTO AO CURSO NO QUE ESTÁN ESCOLARIZADOS, E QUE POLO TANTO, NECESITAN UNHA ADAPTACIÓN CURRICULAR NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS

| ALUMNADO | CURSO | REPETICIÓN DE CURSO | MEDIDAS ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | TIPO DE NNEE |
|---------------------|-------|----------------------|---|--|
| Nº ALUMNOS/AS: 3 | 3ºA | 2ºEP - 6ºEP 3ºESO | REFORZO EDUCATIVO PROPOSTA ACI (en matemáticas, bioloxía e xeoloxía e lingua castellana) | SÍNDROME DE ASPERGER con DISFASIA |
| | 3ºB | 6º EP -3ºESO | REFORZO EDUCATIVO PROPOSTA ACI (matemáticas, bioloxía e xeoloxía, física e química, lingua castella) | TDAH Retraso específico da linguaxe |

ALUMNOS CON DIFICULTADES DE APRENDIZAXE

ALUMNADO CON DIFICULTADES ASOCIADAS ÁS FUNCÍONS BÁSICAS NA APRENDIZAXE:.,ATENCIÓN, MEMORIA, PLANIFICACIÓN, LECTOESCRITURA, DISCALCULIA, E CON DESFASE CURRICULAR

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

1. REFORZO EDUCATIVO CON APOIO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS: Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas

| ALUMNADO | CURSO | REPETICIÓN DE CURSO | EXENCIÓN FRANCÉS | MEDIDAS ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | TIPO DE NNEE |
|---------------|-------|---------------------|------------------|---|--|
| Nº ALUMNOS: 2 | 1º A | 6ºEP-1º ESO | SI | Apoio con PT en reforzo educativo nas áreas de lingua e matemáticas | DESFASE CURRICULAR |
| Nº ALUMNOS: 2 | 1º B | 6ºEP-1ºESO | SI | Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas | DESFASE CURRICULAR |
| Nº ALUMNOS: 1 | 1º C | 1ºESO | SI | Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas | DESFASE CURRICULAR |
| Nº ALUMNOS: 1 | 2º A | 4ºEP 1º ESO | SI | Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas | DESFASE CURRICULAR HÁBITOS ESTUDO |
| Nº ALUMNOS: 3 | 2ºC | 2º ESO | SI | Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas | DESFASE CURRICULAR HÁBITOS ESTUDO TDAH |
| Nº ALUMNOS: 1 | 2ºB | 6ºEP-1ESO | SI | Apoio con PT en competencias básicas de linguas e matemáticas | DESFASE CURRICULAR HÁBITOS ESTUDO |

3. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PROGRAMA XERAL DE INTERVENCIÓN

O apoio directo ao alumnado terá como prioridade os seguintes **obxectivos xerais**:

1. Favorecer ao máximo o desenvolvemento das capacidades dos alumnos.
2. Potenciar a súa integración no grupo-clase e no centro.
3. Realizar un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado dende unha dimensión afectiva, cognitiva e social; e ao mesmo tempo intentar detectar e corrixir os atrancos que dificulten o clima de confianza e autoestima imprescindibles para ser quen de aprender.
4. Favorecer a xeneralización das aprendizaxes adquiridas a outros contextos.
5. Potenciar o acceso e uso de programas informáticos de acordo coas súas posibilidades.

Obxectivos específicos:

- Adecuar as respostas educativas necesarias ás necesidades específicas deste alumnado.
- Incidir nos aspectos onde máis falla o alumnado, como son Exactitude Lectora, Ritmo e Velocidade Lectora, Comprensión Lectora para conseguir que, individualmente, acaden segundo os obxectivos propostos o maior índice posible de Lectura Eficaz.
- Optimizar recursos materiais e persoais para unha correcta aprendizaxe das habilidades de lectoescritura destes alumnos.
- Incentivar a lectura persoal nos seus momentos de ocio.
- Utilizar as novas tecnoloxías para a aprendizaxe da lectura e desenvolvemento da comprensión lectora, habilidades de cálculo, resolución de problemas e raznamento lóxico-matemático.
- Reforzar as aprendizaxes previas deficitarias en coordinación co traballo na aula naqueles casos nos que se contemple como prioritario o apoio ao desfase curricular en aprendizaxes previas.
- Ensinar rutinas para todas as actividades que suceden habitualmente no centro.
- Potenciar unha relación empática co grupo de iguais.
- Predecir os cambios e preparalos para a acción.
- Adaptar as nosas expectativas e a linguaxe acorde as características do alumno/a.
- Favorecer a toma de decisións proponendo opcións diferentes para incrementar a atención, promover a independencia e reducir os problemas de conduta.
- Usar actividades relaxantes e de anticipación.

- Axudar ao alumno a desenvolverse polo instituto.
- Aprendizaxe de hábitos e medidas de organización para chegar a clase con todos os materiais necesarios.
- Axudar ao alumno ou alumna a entender o contexto.
- Preparar aos alumnos/as para as transicións entre clases.

4. COMPETENCIAS CLAVE: CONTRIBUCIÓN Á SÚA CONSECUCIÓN DENDE O PROGRAMA

Dende a aula de apoio daremos prioridade ao desenvolvemento das competencias clave:

1. Comunicación lingüística (CCL): Programas de reforzo en comprensión lectora e expresión oral e escrita
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): Actividades de reforzo do razonamento lóxico matemático, cálculo e estratexias para a resolución de problemas.
3. Competencia Dixital (CD): Uso das TIC e materiais dixitais
4. Aprender a aprender (CAA): Actividades para a adquisición de habilidades de organización, comprensión e toma de decisións.
5. Competencias sociais e cívicas (CSC): Pautas de resolución de conflitos e habilidades sociais.
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): priorización das habilidades de organización, autonomía e relación social.

Integraranse o uso das TIC nas actividades para promover a competencia dixital

Contribuirase a “Promover a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe”, atendendo as características do alumnado.

É importante ter en conta que o termo de Necesidades Específicas de Apoio Educativo abrangue a aqueles alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por se ter incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado>>>.

O traballo coas TICs (Tecnoloxías da Información e da Comunicación), permite favorecer o desenvolvemento das adaptacións curriculares, a aprendizaxe de aspectos instrumentais básicos, de aspectos repetitivos, de aspectos espacio-temporais e de autonomía de traballo, ademáis de favorecer a creatividade e a expresión.

5. ORGANIZACIÓN XERAL DA ATENCIÓN E APOIOS PT PARA O ACTUAL CURSO 2018/19 E PRIORIDADES.

Criterios de Apoio co profesor de Pedagogía Terapéutica:

Atención directa co alumnado que presenta retraso significativo nas aprendizaxes instrumentais, e dirixido a reforzar principalmente: comprensión e expresión oral e escrita, razonamento e cálculo matemático., así como aspectos de atención, memoria e razonamento básicos.

Dentro da aula a súa función é a de apoio ao profesor da materia: na organización e atención do grupo e na atención personalizada do alumnado con medidas de reforzo educativo ou ACI, elaboración de material adaptado e seguemento da adaptación.

Fóra da aula realízase o reforzo nos aspectos considerados prioritarios nas competencias lingüística e matemática e coordinación co profesorado da materia e os obxectivos da programación correpondente.

CRITERIOS DE PRIORIDADE PARA A ATENCIÓN DE ALUMNADO CO PROFESOR DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

- 1º. Alumnado con ACI de todos os cursos, nas materias instrumentais (LC, LG, MAT).
- 2º. Apoio dentro da aula en 3º de ESO con alumnado con alta necesidade de atención personalizada, en materias con grupo completo e alumnado con ACI/RE
- 3º Apoios no resto dos cursos con alumnado de Reforzo Educativo e/ou Exención Francés

6. CONCRECIÓN DE APOIOS DENTRO DE AULA ORDINARIA E FÓRA DE AULA COS CRITERIOS NA TOMA DE DECISIÓNS

| | <u>LUNS</u> | <u>MARTES</u> | <u>MÉRCORES</u> | <u>XOVES</u> | <u>VENRES</u> | |
|----------------------|--|--|---|--|---|--|
| <u>1^a</u> | EX FR 1 ^º A (aula de apoio): Criterio: Reforzo Lengua e Matemáticas | EX FR 1 ^º C /Apoio mat 2 ^º C (aula de apoio): Criterio: Reforzo Lengua e Matemáticas | 3 ^º A/3 ^º B apoio matemáticas (aula de apoio) Criterio: Alumnos propostos ACI e que require apoio personalizado para desenvolver as actividades | | EXFR 2 ^º A/ apoio lingua 2 ^º C (aula de apoio): Criterio: Reforzo Lengua e Matemáticas | EXFR 1 ^º A: A.A.N/K.C.M./D.C.C. EXFR1 ^º B:A.C.H./M.L.G/F.M.P. EXFR 1 ^º C: N. C. C. EXFR 2 ^º A: M.A.O./A.B.C./M.F.G/N.V.T. EXFR 2 ^º B:A.M.A. EXFR2 ^º C: R. E. B/,A.S.C./A.V.G. APOIOS: Mat 1 ^º A: A.A.N/D.C.C. LC1 ^º B:M.L.G/ F.M.P. LG 1 ^º B: M.L.G Mat 1 ^º B:M.L.G Mat 2 ^º A:N.V.T. Mat 2 ^º B:-J.R.P. Mat 2 ^º C:R.E.B./A.S.C. LC 2 ^º C:R.E.B/A.S.C. Mat 3 ^º A:J.G.V LG 3 ^º A:J.G.V. BX 3 ^º A:J.G.V. Música 3 ^º A:J.G.V. LC 3 ^º B:E.P.C Mat 3 ^º B:E.P.C |
| <u>2^a</u> | EX FR 2 ^º C (aula de apoio): Criterio: Reforzo Lengua e Matemáticas | 3 ^º A/3 ^º B apoio lingua (aula de apoio) Criterio: Alumnos propostos ACI e que require apoio personalizado para desenvolver as actividades | | | EXFR 1 ^º B (aula de apoio): Criterio: Reforzo Lengua e Matemática | |
| <u>3^a</u> | EX FR 1 ^º C /apoio mat 1 ^º A (aula de apoio): Criterio: Reforzo Lengua e Matemáticas | 1 ^º B apoio lingua galega (aula de apoio) Criterio: reforzo de aprendizaxes. | | EX FR 2 ^º A (aula de apoio): Criterio: Reforzo Lengua e Matemática | 3 ^º A apoio música (aula de música) Criterio: Alumno propostos ACI e que require apoio personalizado para desenvolver as actividades | |
| | | 2 ^º B apoio mats (aula de apoio) | 1 ^º B/3 ^º A Apoio linguas | EX FRANCÉS | | |

| | | | | | | |
|----------------------|--|--|--|---|--|--|
| <u>4^a</u> | | Criterio: reforzo de aprendizaxes. | aula de apoio):Criterio: reforzo de aprendizaxes. | 2ºB/1ºB (aula de apoio): Criterio: Reforzo Lengua e Matemáticas | | |
| <u>5^a</u> | | EX FR 2º C (aula de apoio): Criterio: Reforzo Lengua e Matemáticas | 2ºA apoio matemáticas aula de apoio):Criterio: reforzo de aprendizaxes. | | | |
| <u>6^a</u> | | | EX FR 1ºA/apoio mat. 1ºB (aula de apoio): Criterio: Reforzo Lengua e Matemáticas | 3ºA apoio biolox-xeolox (aula de apoio) Criterio: Alumno proposto ACI e que require apoio personalizado para desenvolver as actividades | | |
| <u>7^a</u> | EX FR 2º B (aula de apoio): Criterio: Reforzo Lengua e Matemáticas | | | | | |

7. METODOLOXÍA XERAL E DIFERENCIADA

Criterios metodolóxicos:

- Crear situacións de aprendizaxe que traballen os contidos paso a paso , partindo do nivel menor de dificultade, coa interacción do profesor, para que o alumno poida desenvolver tarefas ou accións que non podería acadar por si solo.
- Crear situacións de aprendizaxe co maior número posible de estímulos, apoio visual, gráfico, etc., que permitan a comprensión.
- Partir da búsqueda de respostas a preguntas concretas e comprensibles dado o nivel de partida, enriquecendo a cantidade de datos e profundización paulatinamente.
- Empregar diversas actividades para un mesmo aprendizaxe, favorecendo os tres niveis de adquisición: exploración, comprensión, afianzamento.
- Actividades de traballo en grupos pequenos (2 ou 3) para facilitar a interacción e titorización entre iguais.

A metodoloxía será activa, participativa e motivadora, permitindo establecer actividades que sexan o máis significativas e funcionais para o alumnado.

Traballarase a partires do currículo de referencia do alumnado e cando sexa preciso realizaranse modificacións nos contidos e obxectivos para dar unha resposta axeitada as dificultades de cada alumno/a.

Realizarase un seguimento continuado das A.C.S., e da avaliación das mesmas.

A atención ao alumnado na aula de apoio do centro deberá caracterizarse por unha secuencia precisa dos contidos, unha implicación do alumno/a, e un minucioso control do profesor/a.

Traballarase en grupos pequenos, máximo 5 alumnos ou alumnas.

Traballarase como apoio no grupo-clase, sempre e cando sexa solicitado este apoio polo profesor/a de área.

Os criterios de agrupamento priorizan alumnado con necesidades de niveis próximos, con características de personalidade e autonomía que lles permitan traballar en equipos heteroxéneos.

Un obxectivo prioritario é formar individuos competentes para se integrar na sociedade. Polo tanto, desde a aula de apoio daremos prioridade ao desenvolvemento das competencias clave, xunto co uso de novas tecnoloxías, materiais dixitais, etc.

Os aspectos específicos da metodoloxía empregada concréntanse na planificación individualizada de cada alumno ou alumna.

8. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS.

A aula de apoio dispón de mesas para traballo en grupo, ordenadores e rincóns de traballo individual.

Os apoios desenvólvense como norma xeral durante todo o curso, téntase identificar na avaliación inicial ao alumnado que precisa de apoio educativo para iniciar canto antes os mesmos. Durante a 1ª avaliación pode haber algunha nova proposta de alumnado.

RECURSOS AULA PT:

-Ordenadores

-Libros de lectura de distintos niveis de competencia

Lengua/Lingua:

Conciencia léxica . Fichas específicas elaboradas no DO

Conciencia Metafonolóxica. Fichas específicas elaboradas no DO

Fichas de comprensión lectora Santillana Primaria

100 ejercicios comprensión lectora Vacaciones Santillana Primaria

100 ejercicios ortografía y gramática Santillana Primaria

Lengua castellana Anaya Primaria

Lingua galega Anaya Primaria

Libros de texto de clase ESO

Material específico de reeducación de dislexia, dirgrafía, atención, etc

Editorial CEPE

Webs: http://clic.xtec.cat/db/listact_es.jsp

http://roble.pntic.mec.es/arum0010/temas/comprension_lectora.htm

Matemáticas

Matemáticas Santillana Primaria

Matemáticas Anaya Primaria

Libro de texto de clase ESO

9. COORDINACIÓN/COMUNICACIÓN COAS TITORÍAS, D.O. E FAMILIAS.

O profesor de apoio ten unha hora semanal para atención a pais, unha hora de coordinación cos titores e profesorado e unha hora semanal de reunión no departamento de orientación para seguemento do alumnado con apoio educativo.

10. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN QUE SE LEVARÁN A CABO EN CADA AULA (características, necesidades específicas, apoios e organización dos apoios en cada aula)

Para o alumnado que precisa de reforzo nas áreas instrumentais, terán prioridade os obxectivos e contidos destas áreas tomando como referencia os que se traballan na aula ordinaria. Así mesmo, estableceranse as actividades máis axeitadas para a consecución dos mesmos. Todo isto levarase a cabo en coordinación co profesor de área.

Os apoios dentro da aula plantéxanse como apoio ao profesor coa idea de dous profesores para dinamizar as actividades do grupo e prestar apoio personalizado ao alumnado con máis dificultades. Os apoios dentro da aula poden combinarse ocasionalmente con reforzo individualizado de aspectos específicos fóra da aula, cando se considera convinte por parte do profesor da materia e o profesor de PT.

| PROGRAMACIÓN PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA 2018-9 | | | | | |
|---|-----------------------------------|---|--|---|---|
| GRUPO | ALUMNOS | MATERIA | CONTIDOS | | |
| TERCEIRO | JGV EPC | MATEMÁTICAS | 1ª AVALIACIÓN | 2ª AVALIACIÓN | 3ª AVALIACIÓN |
| | | | - Expresar verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados -Analizar e comprender o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). -Números e álgebra: Potencias de números naturais con expoñente enteiro.Significado e uso. | -Xeometría: Calcular o perímetro de polígonos, a lonxitude de circunferencias e a área de polígonos e de figuras circulares en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas. Calcula áreas e volumes de poliedros regulares e corpos de revolución en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas | -.O globo terráqueo. Coordenadas xeográficas. Latitude e lonxitude dun punto -Funcións: Identificar as características máis salientables dunha gráfica, e intérpretaos dentro do seu contexto -Estadística e probabilidade: Gráficas estadísticas: construción e interpretación |
| | LENGUA CASTELLANA e LINGUA GALEGA | *Bloque I: Comunicación oral. escoitar e falar -Comprende o sentido global de textos publicitarios, informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación, distinguindo a información da persuasión na publicidade e a información da opinión en noticias, reportaxes, etc., identificando as estratexias de enfatización e de expansión. | *Bloque 2:Comunicación escrita: ler e escribir -Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto. | *Bloque 3. Coñecemento da lingua -Gramática -Oracións -Ortografía | *Bloque 4: Educación literaria -Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adaptados, e representativos da literatura Castelá e Galega da Idade Media ao Século de Ouro, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria. |
| | LENGUA CASTELLANA e LINGUA GALEGA | *Bloque I: Comunicación oral. escoitar e falar -Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante. | *Bloque 2:Comunicación escrita: ler e escribir -Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto. | *Bloque 3. Coñecemento da lingua -Gramática -Oracións -Ortografía | |
| | V.G.M. A.R.S. | | -Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas -Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto | -Xeometría: Triángulos rectángulos. Teorema de Pitágoras. Xustificación xeométrica e aplicacións. -Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos; | -Estadística e probabilidade: Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia. Diagramas de barras e de sectores. |

| | | | | | |
|--|--------------------------|--------------------|--|---|---|
| | <p>V.G.M. A.R.S.</p> | <p>MATEMÁTICAS</p> | <p>do problema). -Números e alxebra: Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. Fraccións en ámbitos cotiáns. denación e operacións. Números decimais: representación, ordenación e operacións. Relación entre fraccións e decimais.</p> | <p>clasificación. Áreas e volumes. -Funcións: Concepto de función: variable dependente e independente; formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula); crecemento e decrecemento; continuidade e descontinuidade; cortes cos eixes; máximos e mínimos relativos. Análise e comparación de gráficas.</p> | <p>Polígonos de frecuencias; diagramas de caixa e bigotes</p> |
|--|--------------------------|--------------------|--|---|---|

11. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN INDIVIDUALIZADA PARA CADA ALUMNO (características, necesidades específicas e aspectos que se van traballar con cada alumno)

| |
|------|
| 3º A |
|------|

Alumno: J.G.V.

Datos do historial escolar

- Medidas de atención á diversidade no curso 2016/17: ACI nas materias de LC, LG, MAT, Fis e Q, XH, ING e TEC.
- Cursos repetidos en ESO: terceiro.
- Repetiu 2º e 6º curso de Educación Primaria
- Apoio co profesor de PT nas áreas instrumentais: LC, LG, MAT (1 hora por materia)
- Escolarización combinada: Acude un día á semana (luns) ao centro de educación especial ASPANAES de Santiago.
- Apoio á integración, habilidades sociais e seguemento coa orientadora

Características persoais e dificultades de aprendizaxe

1. Síndrome de Asperger (espectro autista)

As súas dificultades principais son:

-O escaso desenvolvemento da linguaxe, ten unha linguaxe repetitiva con frases feitas. Pode pedir o que necesita, explicar un problema, pero de maneira limitada. Non pode manter conversas interpersoais, máis alá de frases repetitivas, ás veces fai preguntas sobre temas do seu interese.

Ten dificultades para organizarse e comunicar na casa o que ten que facer.

-Outra característica do seu desenvolvemento é a falta de autonomía porque non ten capacidade de planificación, necesita que as actividades sexan moi estruturadas, con instrucións sinxelas, dividilas en pasos ou contar con axuda.

-Ten moita capacidade memorística literal pero escasamente comprensiva.

Ten un rendemento moi desigual dependendo da materia e tipo de contidos:

Alta capacidade para adquirir información e memorizala e moi pouca para contidos que esixan establecer relacións ou razonamento.

-Non entende o entorno e ten dificultades para organizar a conducta en relación a normas sociais, o que pode dar lugar a intervencións ou conductas inadecuadas.

Normalmente é suficiente decirlle que non é adecuado e darlle a conducta concreta que queremos. Recordarlle a norma antes de iniciar as clases ata que a integre.

-Non lle gusta facer as tarefas e tende a evadirse. Pode facer máis do que aparenta.

En ocasións esa actitude é unha resposta á saturación, nas últimas horas da mañán sobre todo. O noso mundo está cheo de estímulos sensoriais, comunicación e normas difíciles para el, cando está saturado necesita momentos de desconexión, hai que darlle ese tempo, despois volve á actividade con mellor actitude. Pódese facer

deixando que simplemente permaneza na aula escoitando sen que se lle obrigue a implicarse.

1. Adaptación social:

-En xeral ten unha adecuada adaptación na clase. Os compañeiros e compañeiras o coñecen, traballouse cos grupos o coñecemento sobre as características deste alumno e a maneira en que deben tratalo e corríxilo se molesta.

En xeral tivo unha boa evolución en canto a adaptación social e mellora dos problemas de conducta.

2. MOTRICIDADE: Dificultades motrices e de coordinación. Cústanlle as tarefas que requiren grafomotricidade, as desenvolve con lentitude e cánsase.

Orientacións

-Lugar na aula: con compañeiros/as que non lle molesten e cerca do profesor.

-Traballos en grupo con alumnado que poida tutorizalo. Aprende moito por modelación imitando aos compañeiros.

-Necesita que as actividades e instrucións de traballo sexan moi estruturados e cunha linguaxe sinxela. Con frecuencia vai necesitar que se lle expliquen as instrucións xerais.

-Ten adquirida a lectoescritura, pode copiar do encerado, do libro... En xeral pode realizar as actividades de búsqueda de información literal, aprendizaxe de vocabulario, exercicios de gramática non complexos, preguntas de comprensión de textos sinxelas, etc.

-Cústalle entender instrucións complexas, hai que dividir as tarefas en pasos.

-Cando non da rematado o traballo, é necesario supervisar que anota na axenda as tarefas que debe facer xa que ten moita supervisión na casa.

-Non prestar atención inmediata cando pide axuda xa que tende a absorver ao adulto, hai que indicarlle que espere para que se acostume a facelo sen interrupcións na aula.

Planificación da Intervención co profesor de PT:

É prioritario o desenvolvemento de competencia lingüística, comprensión lectora e expresión oral e escrita.

O traballo de apoio desenvolverase tres horas semanais en aula de apoio e tres horas dentro de aula.

Planificación na aula de apoio:

OBXECTIVOS

a. Obxectivo xeral

- Desenvolver as habilidades de expresión oral e escrita
- Mellorar a comprensión lectora
- Desenvolver habilidades de cálculo e razonamento matemático.
- Adquirir habilidades de autonomía e organización

b. Obxectivos específicos

- Adquirir a habilidade de comunicar mensaxes sobre situacións da vida cotiá, problemas, instrucións na realización dunha tarefa, información ordeada dun relato.
- Avanzar no nivel de comprensión de diferentes tipos de textos escritos.
- Ampliar o vocabulario do alumnado de forma que poida resultar proveitoso tanto para o seu uso oral como para o escrito
- Consolidar a decodificación fonolóxica, ruta imprescindible na eficacia lectora.
- Reforzar as habilidades visuais e de atención e avanzar no movemento visual e na eficacia e rapidez lectora.
- Afianzar técnicas en torno á conciencia morfosintáctica que axuden a organizar os textos.
- Adquirir habilidades de planificación na resolución de problemas matemáticos
- Afianzar o cálculo e razonamento lóxico-matemático.

Lingua

CONTIDOS:

- Memoria.
- Vocabulario en torno a diferentes temas.
- Diferentes tipos de texto adaptados ao seu nivel de competencia actual para ir ampliando a dificultade.
- Partes dun texto e ideas principais.
- Entrenamento da atención a ideas e aspectos relevantes dun texto.
- Extracción das ideas principais.
- Búsqueda de vocabulario descoñecido e aplicación de técnicas de extracción do significado polo contexto.
- Comprensión das ideas principais dun texto.

- Recoñecemento e familiarización con diferentes tipos de texto
- Organización e coherencia textual.

Actividades

Aínda que é común que os nenos con SA aprendan doadamente a ler e lean ben, a comprensión que presentan é literal, non chegando a sacar conclusións abstractas do texto.

ESTRATEGIAS:

- . Ensinarlle a organizar a información: práctica de realización de resumos, esquemas, etc.
- . Traballar actividades como encontrar os datos relevantes dun texto.
- . Ante a repetición ou estudo dun texto comprobar que introduciu sentido ao que ten lido ou memorizado.

En resumo:

En canto ao proceso de ensino aprendizaxe un dos obxectivos primordiais da intervención con estes alumnos céntrase no desenvolvemento de habilidades. Eles necesitan, máis que outros, axuda para construír as habilidades necesaria para o seu acceso ao currículo. A intervención ha de dirixirse todas as áreas deficitarias, como a comunicación, as habilidades sociais, comportamento axeitado do alumno, procurando sempre:

- . Proporcionar instrucións ao grupo, pero tamén ao alumno con SA, de forma individual e acompañándoas con apoios visuais.
- . Procurar que no seu caso as actividades sexan tan rutineiras e estruturadas como sexa posible.
- . Proporcionar unha planificación representada visualmente (lista, axenda).
- . Ofrecer unha motivación adaptada ás características do alumno para fomentar a aprendizaxe.

- Modelar e reforzar o uso de habilidades axeitadas. A través de indicacións concretas e cada vez máis complexas, ir modelando as condutas axeitadas para iniciar, manter e finalizar unha conversa.

- Favorecer o exercicio de habilidades mentalistas a través de situacións nas que se requira que se poña no lugar dos demais.

Matemáticas

Na Área Matemática partírase do repaso das operacións básicas para evitar a aparición das dificultades de aprendizaxe posteriores cando aumente o nivel de abstracción das operacións.

As intervencións de apoio fóra da aula dirixíranse nesta materia a adquisición das habilidades básicas de cálculo con números naturais, enteiros e racionais

Na resolución de problemas, aspecto de especial importancia a hora de traballar con este alumno, interviremos nos tres aspectos deficitarios:

1. Comprensión do texto.

2. Análise (orde) dos datos do problema.

3. Razoamento lóxico-matemático: paso, dos dous supostos anteriores, a saber qué operación ou operacións hai que realizar para resolver o problema.

| |
|------|
| 3º B |
|------|

Alumno: E.P.C.

Datos do historial escolar

- Repetiu 4º curso de Educación Primaria e terceiro da ESO.
- Medidas de atención á diversidade no curso 2016/17: ACI nas materias de LC, MAT, Fis e Q, XH, ING e TEC.
- Exención de Francés
- Apoio co profesor de PT nas áreas instrumentais: LC,LG, MAT (1 hora por materia)
- Apoio á integración, habilidades sociais e seguemento coa orientadora
- Asistencia a gabinete de logopedia para reeducación da linguaxe.

Características persoais e dificultades de aprendizaxe

1. Trastorno por déficit de atención (TDAH) con rasgo combinado: déficit atencional e impulsividade.

Este trastorno, de orixe orgánico, afecta aos seguintes aspectos da aprendizaxe, de maneira moi marcada no caso deste alumno:

- Tempo moi curto de mantemento da atención (fatiga atencional)
 - Escasa memoria inmediata, o que provoca adquisicións parciais e equívocas da información na clase (necesita apoios visuais e instrucións por escrito)
 - Foco atencional irregular, pode quedarse con datos que lle chaman a atención pero cústalle integrar a información relacionada globalmente de maneira comprensiva.
 - Memoria errática e pouco estruturada, o que lle dificulta a recuperación de información.
 - Intervencións impulsivas e non sempre adecuadas ao contexto.
 - Pouca madurez en planificación de tarefas e organización personal.
 - Ritmo lento e disperso no desenvolvemento das actividades. Necesita axuda para realizar as tarefas principalmente cando son novas.
2. Disfasia: Retraso significativo no desenvolvemento da linguaxe.
 - Vocabulario escaso para a idade.
 - Estructuración do discurso inadecuado, ás veces é difícil entender o que quere dicir.
 - Moi baixa comprensión lectora.
 - Mellora nestes aspectos que son os prioritarios nas clases de reforzo, aínda así continúa tendo dificultades.

3. Disfemia: tartamudeo e bloqueos cando está nervioso ou alterado.

4. Adaptación social:

- Pouco integrado cos compañeiros/as polas súas dificultades de comunicación e motrices para participar en xogos, conversacións,...
- Responde ben ao reforzo social e afectivo do profesorado.
- Mellorou na adquisición de habilidades de relación cos compañeiros e profesorado, na autonomía persoal e na resolución de conflitos.

Orientacións:

- Lugar na aula: sentado diante e cerca do profesor.
- Seleccionar contidos básicos do curso, ten moita dificultade para memorizar información.
- Supervisar que anota as instrucións dos traballos, exames, tarefas,...
- Actividade en grupo con compañeiros/as que poidan axudalo e non dispersalo.
- Adaptar as probas e instrumentos de avaliación diversificando o tipo de actividades: preguntas tipo test, de completar, relacionar conceptos, comprensión de textos adaptados á súa competencia lectora, traballos con indicacións claras e concretas.
- Entregar as probas escritas por partes para que se concentre en cada actividade e non se disperse.
- A familia é colaboradora e está pendiente do que ten que facer, é convinte supervisar que leva anotadas as actividades e darlle indicacións do que debe preparar para probas de avaliación con tempo suficiente.

Planificación da intervención co profesor de PT

Obxectivos:

- 1.- Na aula de apoio é prioritario o traballo para desenvolver o máximo posible as competencias lingüísticas deste alumno, centrado na comprensión e expresión oral e escrita
- 2.- Desenvolvemento de funcións executivas e atencionais deficitarias: planificación, selección de estímulos, foco atencional...

Obxectivos específicos

- Avanzar no nivel de comprensión de diferentes tipos de textos escritos.
- Ampliar o vocabulario do alumno de forma que poida resultar proveitoso tanto para o seu uso oral como para o escrito
- Reforzar as habilidades visuais e de atención e avanzar no movemento visual e na eficacia e rapidez lectora.
- Afianzar técnicas en torno á conciencia morfosintáctica que axuden a organizar os textos.
- Mellorar as funcións executivas de: atención, planificación e razonamento.

Contidos:

- Memoria.
- Organización e planificación de tarefas en pasos
- Estratexias de autocorrección, reflexión e estimación de resultados.
- Vocabulario en torno a diferentes temas.
- Movemento visual e rapidez lectora.
- Diferentes tipos de texto
- Partes dun texto e ideas principais.
- Entrenamento memorístico e atención a ideas e aspectos relevantes dun texto.
- Extracción das ideas principais.
- Búsqueda de vocabulario descoñecido e aplicación de técnicas de extracción do significado polo contexto.
- Comprensión das ideas principais dun texto.
- Recoñecemento e familiarización con diferentes tipos de texto
- Organización e coherencia textual.
- Interese pola lectura coma recurso de información e comunicación social.
- Respecto das distintas opinións sobre o mesmo tema mantendo unha actitude de apertura e curiosidade polas experiencias alleas.
- Participación activa nas tarefas propostas.

Actividades

- Completar series e matrices.
- Dado un proxecto de interese para o alumno, organizar os pasos para o desenvolvemento.
- Exercicios de atención e discriminación.

-Lectura individual e silenciosa dun texto adecuado ao nivel de comprensión durante un tempo dado (este proceso farase en repetidas ocasións, marcando na segunda ou terceira lectura o vocabulario descoñecido para comentalo posteriormente) tratando de reter a maior información posible.

-Traballo e análise do vocabulario da lectura pequeno grupo ou individual, reflexionando sobre as diferentes palabras dentro do contexto e relacionándoas cos coñecementos previos.

-Unha vez lido o texto retírase da vista e pásase a contestar unha serie de preguntas con resposta múltiple sobre o contido da lectura nas que terá que elixir a resposta correcta de entre tres posibles.

As preguntas formuladas terán, en ocasións, respostas literais no texto e noutras respostas que esixan un exercicio de inferencia. Despois de realizado o cuestionario farase un exercicio de reflexión e autocorrección para aclarar o porque das respostas.

Matemáticas

- Na **Área de Matemáticas** os bloques de contidos a reforzar fóra da aula serán:

1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.
2. Números e álgebra.
3. Xeometría.
4. cálculo con números naturais, enteiros e racionais
5. Na resolución de problemas, aspecto de especial importancia á hora de traballar con este alumno, interviremos nos tres aspectos deficitarios:

1. Comprensión do texto.
2. Análise (orde) dos datos do problema.
3. Razoamento lóxico-matemático: paso, dos dous supostos anteriores, a saber que operación ou operacións hai que realizar para resolver o problema

11.2. ALUMNADO CON REFORZO EDUCATIVO

| | | |
|---------------|--|---|
| A.R.S. (3º A) | <p>MEDIDAS PREVIAS</p> <ul style="list-style-type: none"> -Exención de Francés - Repite 3 ESO. -Apoio con profesor de PT en Matemáticas e Lengua (é un apoio ás tarefas e organización do traballo, xa que é o seu aspecto máis deficitario) -Traballa con supervisión do profesor. <p>CARACTERÍSTICAS E NECESIDADES ESPECÍFICAS</p> <p>Non hai dificultades específicas de aprendizaxe. Ten unha capacidade de aprendizaxe dentro do normal. Despreocupación co traballo escolar. Situación familiar desestructurada. A cargo da avoa neste momento.</p> | <p>ASPECTOS A TRABALLAR</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio na planificación de tarefas - Reforzo dos aspectos básicos das materias de matemáticas e linguas en coordinación co profesor de aula - Habilidades de aprendizaxe e estudo |
| V.G.M. (3ºA) | <p>MEDIDAS PREVIAS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Exención de Francés, - Apoio con profesor de PT en LC e LG <p>CARACTERÍSTICAS E NECESIDADES ESPECÍFICAS</p> <p>Verónica amosa moi pouca motivación para realizar as tarefas de reforzo, non hai seguemento do estudo na casa aínda que asiste a clases particulares de matemáticas. Non cumpre con tarefas de maneira habitual. -Adaptación social: É unha nena con moi bo comportamento, pero moi pouco integrada en xeral.</p> | <p>ASPECTOS A TRABALLAR</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio na planificación de tarefas - Reforzo dos aspectos básicos das materias de matemáticas e linguas en coordinación co profesor de aula - Habilidades de aprendizaxe e estudo |
| N.V.T. (2ºA) | <p>MEDIDAS PREVIAS</p> <ul style="list-style-type: none"> -Apoio con profesor de PT en LC e MAT <p>-Ritmo lento de aprendizaxe. Non hai dificultades específicas de aprendizaxe. -Motivada e traballadora</p> | <p>ASPECTOS A TRABALLAR</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio na planificación de tarefas - Reforzo dos aspectos básicos das materias de matemáticas e linguas en coordinación co profesor de aula - Habilidades de aprendizaxe e estudo |
| A.A.S (2ºA) | <ul style="list-style-type: none"> - Proposto para avaliación psicopedagóxica por parte da familia motivado polas dificultades atencionais do alumno. | <p>ASPECTOS A TRABALLAR</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio na planificación de tarefas - Reforzo dos aspectos básicos das materias de matemáticas e linguas en coordinación co profesor de aula |

| | | |
|----------------------|--|---|
| <p>J.R.P. (2ºB)</p> | <p>MEDIDAS PREVIAS - Exención de Francés, - Apoio con profesor de PT - Repetición 2º ESO.</p> <p>CARACTERÍSTICAS E NECESIDADES ESPECÍFICAS Non hai dificultades específicas de aprendizaxe. Ten unha capacidade de aprendizaxe dentro do normal. Despreocupación co traballo escolar.</p> | <p>- Habilidades de aprendizaxe e estudo</p> <p>ASPECTOS A TRABALLAR</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio na planificación de tarefas - Reforzo dos aspectos básicos das materias de matemáticas e linguas en coordinación co profesor de aula <p>- Habilidades de aprendizaxe e estudo</p> |
| <p>R.E.B. (2ºC)</p> | <p>MEDIDAS PREVIAS -Exención de Francés -Apoio con profesor de PT en Matemáticas e Lengua (é un apoio ás tarefas e organización do traballo, xa que é o seu aspecto máis deficitario)</p> <p>CARACTERÍSTICAS E NECESIDADES ESPECÍFICAS TDAH</p> | <p>ASPECTOS A TRABALLAR</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio na planificación de tarefas - Habilidades atencionais. <p>- Entrenamento memorístico e atención a ideas e aspectos relevantes dun texto.</p> <p>-Ejercicios de atención e discriminación</p> |
| <p>A.S.C. (2ºC)</p> | <p>Alumno proposto para exención de francés e avaliación psicopedagóxica pola xunta de avaliación. Dificultades en comprensión, razonamento,coherencia e estrutura textual. Ritmo lento, falta de atención.</p> | <p>ASPECTOS A TRABALLAR</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio na planificación de tarefas - Reforzo dos aspectos básicos das materias de matemáticas e linguas en coordinación co profesor de aula <p>- Habilidades de aprendizaxe e estudo</p> |

| | | |
|---------------------|--|--|
| <p>K.C.M. (1ºA)</p> | <p>CARACTERÍSTICAS E NECESIDADES ESPECÍFICAS</p> <p>-Repetición de 6ºEP curso e 1º ESO - Exención de Francés Non hai dificultades específicas de aprendizaxe. Ten unha capacidade de aprendizaxe dentro do normal. Despreocupación co traballo escolar.</p> | <p>ASPECTOS A TRABALLAR</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio na planificación de tarefas - Reforzo dos aspectos básicos das materias de matemáticas e linguas en coordinación co profesor de aula - Habilidades de aprendizaxe e estudo |
| <p>D.C.C (1ºA)</p> | <p>Alumno procedente de primaria. Proposto pola xunta de avaliación para avaliación psicopedagoxica por problemas na lectoescritura.</p> | <p>ASPECTOS A TRABALLAR</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio na planificación de tarefas - Reforzo dos aspectos básicos das materias de matemáticas e linguas en coordinación co profesor de aula - Habilidades de aprendizaxe e estudo |
| | <p>CARACTERÍSTICAS E NECESIDADES ESPECÍFICAS</p> | |

| | | |
|--------------|---|--|
| N.C.C. (1ºC) | TDAH -Dificultades atencionais -Dificultades de Planificación -Boa capacidade intelectual xeral. | ASPECTOS A TRABALLAR -Apoio na planificación de tarefas -Habilidades atencionais. - Entrenamento memorístico e atención a ideas e aspectos relevantes dun texto. -E exercicios de atención e discriminación -Reforzo dos aspectos básicos das materias de matemáticas e linguas en coordinación co profesor de aula - Habilidades de aprendizaxe e estudo |
|--------------|---|--|

12. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS:

A avaliación estará baseada en diferentes aspectos como:

- A superación dos criterios de avaliación na correspondente A.C.S. de cada alumno.
- Seguemento e observación das actividades de aula
- Análise dos resultados obtidos nas avaliacións.
- As observacións de cada sesión: o alumno será avaliado en puntualidade, traballo e comportamento.

A avaliación dos alumnos con A.C.S. será realizada polo profesor da área coa colaboración do profesor de pedagogía terapéutica, nas materias que impartan conxuntamente. Cada trimestre realizarase un informe de seguimento de hábitos e actitude dos alumnos na aula de apoio. No derradeiro trimestre realizarase un informe final sobre a evolución de cada alumno e alumna, onde se incluírán diferentes apartados como son:

- Obxectivos e contidos traballados.
- Consecución dos mesmos.
- Materiais empregados.
- Avaliación.
- Propostas de mellora.

INSTRUMENTOS:

- Recollida de datos nun informe individual

INFORME INDIVIDUAL

ALUMNO/A _____ CURSO _____ GRUPO _____
SESIONS SEMANAIS _____ (MATERIAS) _____

1.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE:

- Reforzo Educativo:
- Adaptación Curricular:
- Outras (nomear cal):

2.- EDUCACIÓN EMOCIONAL E MODIFICACIÓN DE CONDUCTA:

- Autocontrol

- Autoestima

- Habilidades de interacción social e de comunicación

- Asertividade

3.-OBXECTIVOS:**4.-ACTIVIDADES PROPOSTAS (control da realización das mesmas):****5.- RESULTADOS E LOGROS NA INTERACIÓ GRUPO AULA A NIVEL:**

- Académico:

- Conductual:

- Motivacional:

6.- ASPECTOS QUE DEBEMOS SEGUIR TRABALLANDO:

- Comprensión lectora
- Comprensión oral
- Expresión escrita
- Expresión oral
- Ortografía
- Vocabulario
- Organización de ideas
- Razoamento lóxico
- Resolución de problemas
- Cálculo
- Autocontrol

- Autoestima

☐ Habilidades de interacción social e de comunicación.

13. MODELO E INDICADORES PARA O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE.

1. Indicadores e protocolo de seguemento:

- 1.1. Grao de coordinación das actividades na aula ordinaria e aula de apoio.
- 1.2. Seguemento trimestral sobre o grao de desenvolvemento dos contidos programados, competencias básicas e resultados do alumnado.
- 1.3. Análise da adecuación dos obxectivos ao contexto e características do alumnado.
- 1.4. Nº de alumnos/as atendidos que promocionan.
- 1.5. Propostas de mellora nas concrecións curriculares, metodoloxía e materiais, coordinación entre Pt, profesorado e DO.
- 1.6. Dase a coñecer a programación a toda a comunidade na páxina web do Centro.

2. Avaliación da práctica docente:

Clima de aula:

- Actitude cordial co alumnado
- Disciplina baseada nop respecto mutuo.
- O clima de aula favorece a participación do alumnado.

Metodoloxía:

- Téñense en conta os principios de aprendizaxe significativa.
- Empréganse estratexias metodolóxicas variadas (grupo, individual, tutoría entre iguais, proxectos...)
- Empréganse recursos variados (visuais, dixitais, escritos....)

Contidos:

- Desenvolvéronse os contidos previstos.
- Garántese o desenvolvemento dos obxectivos e contidos mínimos priorizados.

Avaliación:

- Faise unha avaliación inicial.
- Empréganse instrumentos de avaliación diversos.
- Adecúase a avaliación ás características individuais e necesidades educativas específicas.

Outubro, 2018

Profesor de Pedagogía Terapéutica

Asdo: Xosé Antón López Vázquez